



APERTURA DO PRAZO DE ALEGACIÓNS Á AVALIACIÓN PLURIANUAL DOS GRUPOS, UNIDADES E INVESTIGADORES/AS DO CATÁLOGO DA UDEC PARA O ANO 2018

En conformidade coas bases reguladoras do procedemento de avaliación plurianual dos grupos, unidades e investigadores/as do catálogo da UDC para o ano 2018, unha vez trasladados aos interesados todos os informes de avaliación elaborados pola *Subdivisión de Coordinación y Evaluación, de la Agencia Estatal de Investigación*, ábrese un prazo de 15 días para que os grupos/unidades ou investigadores/as individuais poidan facer as alegacións oportunas. As alegacións especificaranse nun documento dirixido á *Subdivisión de Coordinación y Evaluación, Agencia Estatal de Investigación*, que lle será achegado ao Servizo de Investigación mediante entrada por rexistro oficial da UDC, podendo usar tanto o rexistro presencial como o electrónico. Cada grupo/unidade só poderá presentar un único escrito de alegación, que deberá ir asinado pola persoa que coordine o colectivo (asinado electronicamente no caso de usar o rexistro electrónico), e recollerá todas as desconformidades coas avaliacións recibidas de todos os membros do grupo ou unidade. No escrito de alegación argumentaranse as razóns polas que se está en desacordo cos diferentes aspectos das avaliacións recibidas. O escrito de alegación debe detallar de xeito directo, sucinto e claro cada un dos elementos de valoración cos que se está en desacordo e as razóns dese desacordo en base aos méritos presentados na solicitude orixinal.

A Coruña, 13 de xuño de 2019

Salvador Naya Fernández

O Vicerreitor de Política Científica, Investigación Transferencia

Código Seguro De Verificación	Sem/UKpweewyZ4ForB2G0g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Salvador Naya Fernández - Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia	Asinado	13/06/2019 13:30:26
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Sem/UKpweewyZ4ForB2G0g==		

